


¡CAZADOR!

O vindeiro 15 de abril á 12.00h quedamos en Santiago

Entre todos
Imos dicir **SÍ Á caza**



Federación Galega
de Caza



**Eu o 15A
VOU A SANTIAGO a
defender a Caza, a
Pesca e o Medio
Rural galego**

1. Porque estamos orgullosos de ser cazadores!!!.
2. Porque somos máis de 45.000 familias galegas que votamos, e estamos fartas de que os políticos só se acorden de nós cando nos veñen pedir o voto, e logo nos ignoren.
3. Porque estamos fartos de que colectivos minoritarios nos insulten, nos ameacen, e nos desprezen. Basta xa!!!, a caza é unha actividade legal e regrada, o deporte máis practicado no rural galego e tamén pola terceira idade.
4. Porque estamos fartos de que nos boten a culpa de que queimamos o monte, a nosa casa, e de que abandonamos e maltratamos os cans, os nosos fieis compañeiros.
5. Porque defendemos a caza como ferramenta de xestión e elemento de conservación, recuperamos os ecosistemas e facemos un uso racional da natureza.
6. Porque xestionamos cos nosos propios recursos máis de 450 tecores, que abranguen o 90% da superficie da CCAA de Galicia.
7. Porque somos o segundo deporte en número de federados a nivel autonómico, só por detrás de fútbol, e un dos deportes máis practicados a nivel local, con alomenos unha sociedade por municipio.
8. Porque a caza xera máis de 100 millóns de €uros anuais, dos que unha boa parte repercute directamente na dinamización do rural, colaborando contra o abandono e a despoboación, e fomentando o turismo rural.
9. Porque cinco anos despois de aprobarse a Lei de Caza seguimos sen Regulamento, e o fondo de corresponsabilidade para paliar os danos segue sen funcionar e sen contar con dotación económica.
10. Porque os cazadores financiamos a nosa actividade, pagamos os nosos impostos, colaboramos no desenvolvemento sostible do monte, e contribuímos a minorar os danos na agricultura e na seguridade viaria.

Por isto, e por moitas outras razóns, a Federación Galega de Caza fai un chamamento aos cazadores, ás sociedades e asociacións, e a todos os colectivos rurais, a que se sumen á concentración que terá lugar o día 15 de abril de 2018, ás 12 horas, en Santiago de Compostela.

**¡¡É o momento de amosar a fortaleza do colectivo!!
Agardámoste o 15-A en Santiago de Compostela
¡¡Xuntos somos máis fortes!!**